



**b) DA ADMINISTRACIÓN  
LOCAL**

**CONCELLO DE CEDEIRA**

*Anuncio de contratación da obra mediante concurso con procedemento aberto.*

Obxecto:

É a contratación por concurso, con procedemento aberto, da obra municipal que se indica de seguido:

Obra: adaptación de edificio para gardaría infantil municipal.

Orzamento: 249.598,35 euros.

Prazo de execución: 3 meses.

Fianza definitiva: 4% do prezo de adxudicación.

Pregos e proxectos:

Rexerá o prego de cláusulas administrativas particulares que consta no expediente, podendo ser examinado conxuntamente co proxecto na Secretaría do Concello, durante o prazo de presentación de proposicións e en horas de oficina.

Presentación de proposicións:

No Rexistro Xeral de Entrada de documentos do concello, en horas de 9.00 a 13.00, dentro do prazo de vinte e seis días naturais seguintes, contados desde o día seguinte ao da última publicación deste anuncio no BOP ou no *Diario Oficial de Galicia*, en tres sobres pechados, que poderán ser lacrados e precintados, asinados polo licitador ou persoa que o represente, e coa documentación exixida na cláusula III.2 do prego de condicións.

Apertura de proposicións:

En acto público, ás 11.00 horas do primeiro mércores hábil seguinte á finalización do prazo de presentación de ofertas.

Proposicións: presentaranse axustadas ao seguinte modelo:

«Don... con DNI nº... natural de... provincia de..., maior de idade e con domicilio en..., r/... teléfono... actuando en nome (propio ou da empresa a que represente), manifesta que é coñecedor do anuncio publicado no (BOP ou *Diario Oficial de Galicia*), con data... conforme con todos os requisitos e condicións que se exixen para adxudicar mediante concurso, procedemento aberto, o contrato de... e do prego de cláusulas administrativas, prego de prescricións técnicas, proxecto de obras e proxecto de seguridade e saúde que rexerá o citado contrato polo prezo alzado de... euros. Lugar, data e sinatura do propoñente».

Modelo de sobre:

«Proposición para tomar parte na contratación das obras de adaptación de edificio para gardaría infantil municipal, presentada por...

En..., ... de... de 2005».

Os gastos derivados deste anuncio serán por conta do adxudicatario.

Cedeira, 20 de xuño de 2005.

O alcalde  
Rubricado

**CONCELLO DE CERVO**

*Anuncio.*

O Pleno do Concello de Cervo, na sesión realizada o día 24 de maio de 2005, acordou tomar razón do traballo elaborado de modificación puntual das normas subsidiarias de planeamento de Cervo nuns terreos sitos no núcleo de San Cibrao e suspender o outorgamento de toda clase de licenzas de obras no ámbito obxecto desta modificación puntual en todo aquilo que non coincida con esta.

Polo que, dando cumprimento ao disposto no artigo 77.1º da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, sométese a información pública o expediente polo prazo dun mes, que comezará a contar desde a publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*.

Cervo, 30 de maio de 2005.

José Insua Pernas  
Alcalde

**CONCELLO DA CORUÑA**

*Anuncio (MPES-1/2005).*

O Pleno do Concello da Coruña, en sesión realizada o día 2 de maio de 2005, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

«Primeiro.-Aprobar definitivamente a modificación puntual do Plan especial de reforma interior da ordenanza de transformación nº 7.D4.01 estrada de los Fuertes (segundo documento refundido), promovida por *Construcciones Fontenla, S.A.*, segundo a documentación presentada no rexistro municipal o 21 de abril de 2005.

Segundo.-Ordenar o cumprimento dos trámites administrativos preceptivos para procurar a entrada en vigor do documento».

Este acordo pon fin á vía administrativa, podéndose interpor contra el, recurso contencioso-administrativo perante a sala correspondente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses desde que e practique a súa publicación ou notificación, en cumprimento do artigo 46 da Lei da xurisdición contencioso-administrativa, do 13 de xullo de 1998, sen prexuízo de calquera outro que se coide pertinente.

Déixase constar que a documentación exixida polo artigo 92.3º da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, tivo entrada na Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda o 18 de maio de 2005.

Os gastos desta publicación serán por conta do promotor.

A Coruña, 24 de maio de 2005.

Francisco Javier Losada de Azpiazu  
Concelleiro delegado de Urbanismo

*Anuncio (MPG-2/2005).*

O Pleno da cidade, en sesión que se realizou o 9 de xuño de 2005, adoptou, entre outros, o acordo de suspender o procedemento de outorgamento de licenzas de parcelación e edificación nos polígonos de solo urbano non consolidado do vixente plan xeral de ordenación municipal E6.01 Observatorio Meteorolóxico I, E6.02 Observatorio Meteorolóxico II e F6.01 Observatorio Meteorolóxico III conforme o documento elaborado polo Servizo Municipal de Urbanismo en maio de 2005, co fin de estudar a modificación das determinacións de planeamento actualmente vixentes nos mesmos.

Este acordo pon fin a vía administrativa, podéndose interpor contra o mesmo recurso contencioso-administrativo perante a sala correspondente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte a aquel en que se produza a súa publicación na prensa local ou no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se considere procedente.

O que se publica para xeral coñecemento.

A Coruña, 10 de xuño de 2005.

Francisco Javier Losada de Azpiazu  
Concelleiro delegado de Urbanismo

*Anuncio (MPG-1/2005).*

O Pleno da cidade, en sesión realizada o 9 de xuño de 2005, adoptou, entre outros, o acordo de aprobar inicialmente a modificación puntual do plan xeral de ordenación municipal na área de planeamento específico H9.01 Parque de Oza, redactada e promovida de oficio. O documento sometese ao trámite de exposición pública, durante o prazo dun mes, período no que calquera interesado poderá consultalo e formular as alegacións que teña por conveniente. Esta consulta pode efectuarse no Servizo Municipal de Urbanismo, rúa Parque s/n, en horario laboral das 9.00 ás 14.00 horas, de luns a venres.

O que se publica para xeral coñecemento.

A Coruña, 10 de xuño de 2005.

Francisco Javier Losada de Azpiazu  
Concelleiro delegado de Urbanismo

*Anuncio (MPG-1/2003).*

O Pleno do Concello, en sesión realizada o 9 de xuño de 2005, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

Primeiro.-Desestimar as alegacións formuladas ao documento para modificación puntual do PXOM no ámbito da Real Fábrica de Tabacos, polo Grupo Municipal do Partido Popular e polo Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, polas razóns contidas no corpo deste informe proposta.

Segundo.-Estimar parcialmente as alegacións formuladas por Miguel Ángel Gutiérrez Carpintero, como administrador da Comunidade de Propietarios do edificio de r/ Concepción Arenal, 1 e 3 e por María Florinda Regueira Rey, nos termos contidos neste informe proposta.

Tercero.-Estimar a alegación de Antonio Iglesias Calviño, en canto a consideralo como titular de parcela de 68 m<sup>2</sup> en r/ Ramón y Cajal.

Cuarto.-Prestar aprobación ao convenio subscrito polo alcalde-presidente do Concello da Coruña e polo presidente del Consello de Administración de *Altadis, S.A.*, con data 21 de decembro de 2004, debendo entenderse modificado o anexo I do citado convenio no que se refire á disposición e ordenación de volumes, que se rexerá polo documento do que a aprobación provisional se propón.

Quinto.-Aprobar provisionalmente a modificación puntual do PXOM da Coruña no ámbito da Real Fábrica de Tabacos, conforme a proposta que consta no expediente.

Sexto.-Someter o expediente á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda para a súa aprobación definitiva, conforme o disposto no artigo 85.5º LOUG.

O que se publica para xeral coñecemento.

A Coruña, 10 de xuño de 2005.

Francisco Javier Losada de Azpiazu  
Concelleiro delegado de Urbanismo

## CONCELLO DA ILA DE AROUSA

*Anuncio.*

O Concello Pleno, en sesión que tivo lugar o día 5 de maio de 2005, acordou aprobar definitivamente o Plan especial de reforma interior en desenvolvemento da área de reparto nº 13a do PXOM, redactado